

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NSPM PARA DELIMITACIÓN DE
NÚCLEO RURAL DE O CRUCEIRO.

CATALOGO DO PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO E
CULTURAL

Nome

Cruceiro do núcleo de O Cruceiro

Parroquia	Lugar	Coord. ETRS89 Huso 29	Código
Castro de Soengas, S. Martiño de	O Cruceiro	X: 603.887,80 m.; Y: 4.740.398 m.	27049_C01

Descrición do Ben

Clasificación (art. 8 LPCG)	Categoría (art 10 LPCG)	Tipoloxía	Propiedade
Catalogado	Monumento	Pat. Etnolóxico. Cruceiro.	Privada



Cruceiro de granito cor gris, sobre base de granito cadrada do mesmo material. Pila de granito cuadrangular, con esquinas biseladas, para formar una sección octogonal nos 4/5 inferiores da pila. Pé de cruz de forma troncopiramidal invertida. Cruz de granito tipo latino, sen relevos nin inscricións.

A posición do cruceiro non é a orixinal, dado que o núcleo sufriu varias modificacións que o converteron nun Núcleo Común, entre elas a ampliación da N-540, que deu lugar seguramente ao traslado do mesmo dende a intersección orixinal, tal e como se amosa na imaxe adxunta:



A posición orixinal podería estar na intersección entre as diferentes vías, marcado co punto verde, mentres que a posición actual está marcado polo punto vermello.



Protección	
Nivel de protección (art. 41 LPCG)	Integral
Actuacións autorizables (art. 42 LPCG)	<p>a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.</p> <p>b) Poderase autorizar a rehabilitación sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que sexan as adaptacións necesarias para adaptar o uso orixinal ás condicións actuais de conservación seguridade, accesibilidade, confort ou saúde ou para adaptar o ben. a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.</p> <p>c) Ampliacións dun ben inmovible, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, complementaria desta, sempre que sexan imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.</p> <p>d) Os de reconstrución, con carácter excepcional, cando se utilicen pezas, elementos e materiais orixinais dos que se poida acreditar a súa autenticidade e posición orixinal.</p>
Estado de conservación	Bo
Análise e avaliación do contorno	Tal e como se describiu anteriormente o núcleo sufriu unha serie de modificacións bastante profundas que o definen coma núcleo común, a localización actual do cruceiro non é a orixinal, tal e como se describiu con anterioridade. O núcleo ten unha estrutura mononuclear laxa, e as diferentes vivendas corresponden a explotacións agrícolas en parcela principal da explotación.
Melloras necesarias	Pode suxerirse unha limpeza superficial da peza, dado que a cruz superior presenta marcas de musgo espalladas pola superficie.

Fotografías do cruceiro



